



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

COLEXIO OFICIAL DE PROTÉSICOS
DENTAIS DE GALICIA

26 de xaneiro de 2023

REXISTRO SAÍDA Nº 12

NOTA INFORMATIVA Nº 3/2023

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2023

1.- AXUDAS XEMPRE AUTÓNOMO PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Por medio do presente informamos da convocatoria das axudas Xempre Autónomo cuxas bases foron publicadas no DOGA o martes día 24 de xaneiro de 2023. A continuación detállanse os puntos destacados da convocatoria:

Beneficiarios:

Persoas que causen **alta definitiva no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial** por conta propia da Seguridade Social **ou en mutualidade de colexio profesional entre o 1 de outubro de 2022 e o 29 de setembro de 2023**, ambos inclusive, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación, sempre que cumpran as seguintes condicións:

- Estar inscritas como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego, no momento do alta en vida laboral como persoas autónomas ou, no caso de mutualistas, mediante certificado da mutua, carecendo de ocupación efectiva segundo informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social e atoparse en tal situación na data de inicio da actividade laboral.
- Iniciar a actividade con anterioridade á presentación da solicitude da subvención.
- Atoparse de alta no imposto de actividades económicas
- Que desenvolvan fundamentalmente a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia. (segundo o alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios da Axencia Estatal de Administración Tributaria, modelo 036 ou 037)
- Que non percibisen subvencións ao amparo dos distintos programas de emprego autónomo nos tres anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Este prazo computarase desde a data de notificación da resolución de concesión da anterior subvención.
- Ter o domicilio fiscal en Galicia.



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

- Non ter recibido subvencións ao amparo dos distintos programas de emprego autónomo nos tres anos anteriores á data do inicio da nova actividade. Este prazo computarase desde a data de notificación da resolución de concesión da anterior subvención.
- Que non desenvolvesen como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que dita situación de alta presupoña actividade, nos tres meses inmediatamente anteriores. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE).

Este requisito non se aplicará cando a actividade desenvolvida fose realizada por persoas autónomas colaboradoras

- As persoas traballadoras autónomas ou por conta propia poderán ser beneficiarias das axudas deste programa, cando formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica de nova creación, sempre que as soliciten a título persoal. Neste caso, a entidade deberá estar constituída previamente á presentación da solicitude de subvención.

Exclusións:

Quedan excluídas deste programa as persoas socias de sociedades mercantís, sociedades laborais e os autónomos colaboradores.

Prazo de presentación:

Desde o **25 de xaneiro de 2023** ata o **29 de setembro de 2023**.

Concurrencia non competitiva (por orde de entrada)

Contía da axuda:

- **2.000 euros** para persoas desempregadas en xeral.
- **4.000 euros** para o caso de persoas desempregadas que se atopen nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables: menores de 30 anos, desempregados de longa duración, desempregados con discapacidade ou en situación de dependencia, desempregados que se atopen en situación ou risco de exclusión social, maiores de 55 anos.
- A contía basee correspondente **incrementarase nun 25 % nos seguintes casos:**
 - Persoa incorporada é unha muller, no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) da persoa autónoma estea situado nun concello rural,



COLEXIO OFICIAL DE
PROTÉSICOS DENTAIS
DE GALICIA
CONSELLO GALEGO

- Persoas maiores de 45 anos (non aplicable en caso de recibir os 4.000 euros por persoa maior de 55 anos), se a persoa incorporada é unha persoa emigrante retornada ou estranxeira,
- Persoas trans ou Profesións e oficios nos que a muller estea subrepresentada, segundo informe do Instituto Galego das Cualificacións

Estes seis incrementos son acumulables e deste xeito a contía máxima posible, de aplicarse todos os incrementos, sería de 10.000 euros.

Orzamento

12.000.000 €

Un saúdo,



Asdo.: Avelino J. Sanmartín Caamaño
Presidente do C.O.P.D.G.